



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Febreiro 2021

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Febreiro 2021


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un descenso do 7,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 10,7 puntos superior á do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 12,1%, 4,4 puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio reduce a facturación o 6,5% e nos Outros servizos o 9,9%.
- En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos diminúe en Galicia un 4,0% e en España un 4,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran descensos do persoal ocupado no mes de febreiro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un descenso do 7,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 10,7 puntos superior á do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 12,1%, 4,4 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 6,5%, resta 4,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 9,9% e restan 2,5 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 7,5% e nos *Outros servizos* o 20,6%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 6,6%, co que resta 2,8 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe un 6,8% e resta 0,4 puntos e o *Comercio ao retalho* cae un 7,2% e resta 1,7 puntos. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 12,7%, o *Comercio por xunto* o 5,8% e o *Comercio ao retalho* o 9,4%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 9,9%. Os sectores que peor comportamento rexistran son a *Hostalería*, cunha taxa de -80,1%, co que resta 3,3 puntos, e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que diminúen un 26,3% e restan 0,8 puntos. En senso contrario, o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* rexistran taxas positivas, 13,4% e 2,5% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 20,6%. Todos os sectores rexistran taxas negativas. A maior caída dáse na *Hostalería* (-63,1%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 23,5% no mes de febreiro.


O sector que máis contribúe a este descenso é a *Hostalería*, ao reducirse un 78,5%, co que resta 20,3 puntos. En senso contrario, o *Transporte* rexistra un incremento do 7,0%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 5,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 21,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de febreiro en todas as comunidades autónomas reducen a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Tres comunidades rexistran maiores caídas que á media nacional: Illes Balears (-35,1%), Canarias (-33,1%) e Madrid (-12,8%).

Índices de cifra de negocios. Febreiro 2021

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado diminúe en Galicia un 4,0% respecto ao mes de febreiro de 2020, 0,9 puntos menos que en España (-4,9%).

O persoal ocupado diminúe un 2,0% no *Comercio* e un 5,6% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas negativas agás *Información e comunicacións* (0,4%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (1,6%). A maior redución de emprego dáse na *Hostalería* (-18,7%).

En España, o persoal ocupado diminúe en todos os sectores. O maior descenso tamén se rexistra na *Hostalería* (-18,2%).




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas reducen o emprego no sector servizos no mes de febreiro con respecto ao mesmo mes do ano 2020. As taxas máis baixas rexístranse en Illes Balears (-13,4%) e Canarias (-10,8%).

Índices de persoal ocupado. Febreiro 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Febreiro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,3	-7,4	-12,8
Comercio	109,4	-6,5	-15,0
Venta e reparación de vehículos de motor	83,7	-6,8	-8,5
Comercio por xunto	119,6	-6,6	-18,4
Comercio ao retalho	90,2	-7,2	-7,2
Outros servizos	104,7	-9,9	-6,4
Transporte	148,1	13,4	17,8
Hostalería	19,0	-80,1	-72,5
Información e comunicacións	98,2	-9,9	-7,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,4	2,5	-0,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	85,2	-26,3	-24,2
España			
Xeral	99,1	-12,1	-14,4
Comercio	104,5	-7,5	-10,5
Venta e reparación de vehículos de motor	106,8	-12,7	-18,3
Comercio por xunto	111,2	-5,8	-9,5
Comercio ao retalho	90,6	-9,4	-10,0
Outros servizos	89,1	-20,6	-21,6
Transporte	97,8	-14,9	-17,0
Hostalería	35,9	-63,1	-61,6
Información e comunicacións	100,3	-8,3	-9,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	116,1	-6,0	-8,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	81,1	-28,2	-28,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Febreiro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	87,6	-23,5	-22,7
Comercio	104,8	-5,0	-11,8
Transporte	160,0	7,0	8,2
Hostalería	21,0	-78,5	-71,3
Información e comunicacións	100,6	-8,9	-6,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,3	0,0	-5,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,9	-14,5	-13,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Febreiro 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	99,1	-12,1	-14,4
Andalucía	98,6	-11,4	-12,4
Aragón	101,4	-7,6	-11,4
Asturias	93,4	-11,8	-12,5
Balears, Illes	56,7	-35,1	-35,2
Canarias	73,1	-33,1	-34,3
Cantabria	103,8	-8,5	-10,3
Castilla y León	94,1	-8,8	-11,2
Castilla-La Mancha	106,2	-6,8	-11,5
Cataluña	97,4	-10,9	-13,6
Comunitat Valenciana	103,2	-10,5	-11,1
Extremadura	99,4	-8,9	-11,5
GALICIA	108,3	-7,4	-12,8
Madrid	103,3	-12,8	-15,5
Murcia	108,5	-8,4	-9,2
Navarra	105,9	-8,6	-10,4
País Vasco	103,5	-8,2	-8,8
Rioja, La	104,8	-11,6	-12,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Febreiro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	102,3	-4,0	-3,8
Comercio	106,1	-2,0	-1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	96,0	-3,8	-4,1
Comercio por xunto	119,9	-0,7	-0,6
Comercio ao retalho	100,2	-2,6	-2,4
Outros servizos	99,3	-5,6	-5,2
Transporte	100,7	-3,5	-3,7
Hostalería	80,9	-18,7	-17,8
Información e comunicacións	109,4	0,4	0,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,6	-0,2	0,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,8	1,6	2,1
España			
Xeral	101,8	-4,9	-4,8
Comercio	103,8	-2,7	-2,6
Venta e reparación de vehículos de motor	102,9	-4,2	-4,2
Comercio por xunto	109,4	-1,3	-1,2
Comercio ao retalho	100,3	-3,4	-3,4
Outros servizos	100,5	-6,3	-6,1
Transporte	105,3	-3,3	-3,0
Hostalería	82,6	-18,2	-17,5
Información e comunicacións	110,4	-1,0	-0,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,9	-1,0	-1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,1	-2,8	-2,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Febreiro 2021

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,8	-4,9	-4,8
Andalucía	99,6	-6,0	-5,6
Aragón	104,3	-4,2	-4,3
Asturias	99,9	-3,9	-3,7
Balears, Illes	81,7	-13,4	-12,3
Canarias	96,6	-10,8	-10,9
Cantabria	99,0	-6,8	-6,3
Castilla y León	98,8	-4,6	-4,6
Castilla-La Mancha	103,1	-3,1	-3,1
Cataluña	103,1	-4,5	-4,4
Comunitat Valenciana	104,7	-4,0	-3,6
Extremadura	99,9	-4,0	-4,0
GALICIA	102,3	-4,0	-3,8
Madrid	104,3	-3,7	-3,7
Murcia	107,1	-4,1	-4,1
Navarra	102,4	-5,4	-5,6
País Vasco	101,8	-3,3	-3,3
Rioja, La	102,9	-4,2	-4,0

Fonte: INE